

Programación de proba libre de módulos profesionais

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	IES San Clemente	Santiago de Compostela	2012/2013

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CSIFC02	Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	Superior	LIBRE
		CSIFC03	Desenvolvemento de aplicacións web		

Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
MP0483	Sistemas informáticos	186

Profesorado responsable

Cristina París Brandariz

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
▪ RA1. Avalía sistemas informáticos, e identifica os seus compoñentes e as súas características.
▪ RA2. Instala sistemas operativos, logo de planificar o proceso, para o que interpreta documentación técnica.
▪ RA3. Xestiona a información do sistema aplicando medidas para asegurar a integridade dos datos, e identifica as estruturas de almacenamento.
▪ RA4. Xestiona sistemas operativos utilizando comandos e ferramentas gráficas, e avalía as necesidades do sistema.
▪ RA5. Interconecta sistemas en rede, e configura dispositivos e protocolos.
▪ RA6. Opera con sistemas en rede, xestiona os seus recursos e identifica as restricións de seguridade existentes.
▪ RA7. Elabora documentación utilizando aplicacións informáticas de propósito xeral.

2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
▪ CA1.1. Recoñeceranse os compoñentes físicos dun sistema informático e os seus mecanismos de interconexión.
▪ CA1.2. Describiuse e realizouse o proceso de posta en marcha dun equipamento.
▪ CA1.3. Ensambláronse equipamentos microinformáticos, con interpretación da documentación técnica, e verificouse o resultado final.
▪ CA1.4. Establecéronse os parámetros de configuración (hardware e software) dun equipamento microinformático.
▪ CA1.5. Clasifícanse, instálanse e configúranse dispositivos periféricos de diversos tipos.
▪ CA2.1. Identifícanse os elementos funcionais dun sistema informático.
▪ CA2.2. Analízanse as características, as funcións e a arquitectura dun sistema operativo.
▪ CA2.3. Comparáronse sistemas operativos en función dos seus requisitos, as características, os campos de aplicación e as licenzas de uso.
▪ CA2.4. Instálanse sistemas operativos de tipoloxía diversa.
▪ CA2.5. Aplícanse técnicas de actualización e recuperación do sistema.
▪ CA2.6. Utilízanse máquinas virtuais para instalar e probar sistemas operativos.
▪ CA2.7. Documentáronse os procesos realizados.
▪ CA3.1. Comparáronse sistemas de ficheiros.
▪ CA3.2. Identifícase a estrutura e a función dos directorios do sistema operativo.
▪ CA3.3. Utilízanse ferramentas en contorno gráfico e comandos para localizar información no sistema de ficheiros.
▪ CA3.4. Créanse particións e unidades lóxicas de diversos tipos.
▪ CA3.5. Xestionáronse copias de seguridade.
▪ CA3.6. Automatízanse tarefas.
▪ CA3.7. Instálanse e avalíanse utilidades relacionadas coa xestión de información.
▪ CA4.1. Xestionáronse contas de usuario locais e grupos.
▪ CA4.2. Asegúrase o acceso ao sistema mediante o uso de directivas de conta e directivas de contrasinais.
▪ CA4.3. Identifícanse, arráncanse e detivéronse servizos e procesos.
▪ CA4.4. Protéxese o acceso á información mediante o uso de permisos locais.
▪ CA4.5. Utilízanse comandos para realizar as tarefas básicas de configuración do sistema.
▪ CA4.6. Monitorízase o sistema.
▪ CA4.7. Instálanse e avalíanse utilidades para o mantemento e a optimización do sistema.
▪ CA4.8. Avalíanse as necesidades do sistema informático en relación co desenvolvemento de aplicacións
▪ CA5.1. Identifícanse os tipos de redes e de sistemas de comunicación.
▪ CA5.2. Identifícanse os compoñentes dunha rede informática.
▪ CA5.3. Interpretáronse mapas físicos e lóxicos dunha rede informática.
▪ CA5.4. Configúrase o protocolo TCP/IP.
▪ CA5.5. Configúranse redes de área local con cables.
▪ CA5.6. Configúranse redes de área local sen fíos.
▪ CA5.7. Utilízanse dispositivos de interconexión de redes.

Cráterios de avaliación do currículo
▪ CA5.8. Configurouse o acceso a redes de área extensa.
▪ CA5.9. Xestionáronse portos de comunicacións.
▪ CA5.10. Verificouse o funcionamento da rede mediante o uso de comandos e ferramentas básicas.
▪ CA5.11. Aplicáronse protocolos seguros de comunicacións.
▪ CA6.1. Configurouse o acceso a recursos locais e de rede.
▪ CA6.2. Identifícanse os dereitos de usuario e as directivas de seguridade.
▪ CA6.3. Explotáronse servidores de ficheiros, de impresión e de aplicacións.
▪ CA6.4. Accedeuse aos servidores utilizando técnicas de conexión remota.
▪ CA6.5. Avaliouse a necesidade de protexer os recursos e o sistema.
▪ CA6.6. Instaláronse e avaliáronse utilidades de seguridade básica.
▪ CA6.7. Utilizouse o servizo de directorio como mecanismo de acreditación centralizada dos usuarios nunha rede.
▪ CA7.1. Clasificouse software en función da súa licenza e do seu propósito.
▪ CA7.2. Analizáronse as necesidades específicas de software asociadas ao uso de sistemas informáticos en diferentes ámbitos productivos.
▪ CA7.3. Realizáronse tarefas de documentación utilizando ferramentas ofimáticas.
▪ CA7.4. Utilizáronse sistemas de correo e mensaxaría electrónica.
▪ CA7.5. Utilizáronse os servizos de transferencia de ficheiros.
▪ CA7.6. Utilizáronse métodos de procura de documentación técnica mediante o uso de servizos de internet.

2.2 Segunda parte da proba

2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
▪ RA1. Avalía sistemas informáticos, e identifica os seus compoñentes e as súas características.
▪ RA2. Instala sistemas operativos, logo de planificar o proceso, para o que interpreta documentación técnica.
▪ RA3. Xestiona a información do sistema aplicando medidas para asegurar a integridade dos datos, e identifica as estruturas de almacenamento.
▪ RA4. Xestiona sistemas operativos utilizando comandos e ferramentas gráficas, e avalía as necesidades do sistema.
▪ RA5. Interconecta sistemas en rede, e configura dispositivos e protocolos.
▪ RA6. Opera con sistemas en rede, xestiona os seus recursos e identifica as restricións de seguridade existentes.
▪ RA7. Elabora documentación utilizando aplicacións informáticas de propósito xeral.

2.2.2 Cráterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Cráterios de avaliación do currículo
▪ CA1.1. Recoñécéronse os compoñentes físicos dun sistema informático e os seus mecanismos de interconexión.
▪ CA1.2. Describiuse e realizouse o proceso de posta en marcha dun equipamento.
▪ CA1.3. Ensambláronse equipamentos microinformáticos, con interpretación da documentación técnica, e verificouse o resultado final.
▪ CA1.4. Establecéronse os parámetros de configuración (hardware e software) dun equipamento microinformático.
▪ CA1.5. Clasificáronse, instaláronse e configuráronse dispositivos periféricos de diversos tipos.

Cráterios de avaliación do currículo
▪ CA2.1. Identifícaronse os elementos funcionais dun sistema informático.
▪ CA2.2. Analizáronse as características, as funcións e a arquitectura dun sistema operativo.
▪ CA2.3. Comparáronse sistemas operativos en función dos seus requisitos, as características, os campos de aplicación e as licenzas de uso.
▪ CA2.4. Instaláronse sistemas operativos de tipoloxía diversa.
▪ CA2.5. Aplicáronse técnicas de actualización e recuperación do sistema.
▪ CA2.6. Utilizáronse máquinas virtuais para instalar e probar sistemas operativos.
▪ CA2.7. Documentáronse os procesos realizados.
▪ CA3.1. Comparáronse sistemas de ficheiros.
▪ CA3.2. Identificouse a estrutura e a función dos directorios do sistema operativo.
▪ CA3.3. Utilizáronse ferramentas en contorno gráfico e comandos para localizar información no sistema de ficheiros.
▪ CA3.4. Créanse particións e unidades lóxicas de diversos tipos.
▪ CA3.5. Xestionáronse copias de seguridade.
▪ CA3.6. Automatizáronse tarefas.
▪ CA3.7. Instaláronse e avaliáronse utilidades relacionadas coa xestión de información.
▪ CA4.1. Xestionáronse contas de usuario locais e grupos.
▪ CA4.2. Asegurouse o acceso ao sistema mediante o uso de directivas de conta e directivas de contrasinais.
▪ CA4.3. Identifícaronse, arráncáronse e detivéronse servizos e procesos.
▪ CA4.4. Protexeuse o acceso á información mediante o uso de permisos locais.
▪ CA4.5. Utilizáronse comandos para realizar as tarefas básicas de configuración do sistema.
▪ CA4.6. Monitorizouse o sistema.
▪ CA4.7. Instaláronse e avaliáronse utilidades para o mantemento e a optimización do sistema.
▪ CA4.8. Avaliáronse as necesidades do sistema informático en relación co desenvolvemento de aplicacións
▪ CA5.1. Identifícaronse os tipos de redes e de sistemas de comunicación.
▪ CA5.2. Identifícaronse os compoñentes dunha rede informática.
▪ CA5.3. Interpretáronse mapas físicos e lóxicos dunha rede informática.
▪ CA5.4. Configurouse o protocolo TCP/IP.
▪ CA5.5. Configuráronse redes de área local con cables.
▪ CA5.6. Configuráronse redes de área local sen fíos.
▪ CA5.7. Utilizáronse dispositivos de interconexión de redes.
▪ CA5.8. Configurouse o acceso a redes de área extensa.
▪ CA5.9. Xestionáronse portos de comunicacións.
▪ CA5.10. Verificouse o funcionamento da rede mediante o uso de comandos e ferramentas básicas.
▪ CA5.11. Aplicáronse protocolos seguros de comunicacións.
▪ CA6.1. Configurouse o acceso a recursos locais e de rede.
▪ CA6.2. Identifícaronse os dereitos de usuario e as directivas de seguridade.
▪ CA6.3. Explotáronse servidores de ficheiros, de impresión e de aplicacións.
▪ CA6.4. Accedeuse aos servidores utilizando técnicas de conexión remota.

Criterios de avaliación do currículo
▪ CA6.5. Avaliouse a necesidade de protexer os recursos e o sistema.
▪ CA6.6. Instaláronse e avaliáronse utilidades de seguridade básica.
▪ CA6.7. Utilizouse o servizo de directorio como mecanismo de acreditación centralizada dos usuarios nunha rede.
▪ CA7.1. Clasificouse software en función da súa licenza e do seu propósito.
▪ CA7.2. Analizáronse as necesidades específicas de software asociadas ao uso de sistemas informáticos en diferentes ámbitos productivos.
▪ CA7.3. Realizáronse tarefas de documentación utilizando ferramentas ofimáticas.
▪ CA7.4. Utilizáronse sistemas de correo e mensaxaría electrónica.
▪ CA7.5. Utilizáronse os servizos de transferencia de ficheiros.
▪ CA7.6. Utilizáronse métodos de procura de documentación técnica mediante o uso de servizos de internet.

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A valoración da adquisición dos resultados de aprendizaxe de cada módulo profesional levarase a cabo a través da realización das dúas partes da proba:

- Primeira parte. Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
Esta primeira parte da proba será cualificada de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
Os criterios de avaliación mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva desta parte da proba son os enumerados no apartado 2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado.
- Segunda parte. As persoas aspirantes que superen a primeira parte da proba realizarán a segunda, que tamén terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento dun ou de varios supostos prácticos que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta parte.
Esta segunda parte da proba será cualificada de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte.
Os criterios de avaliación mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva desta parte da proba son os enumerados no apartado 2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado.

A cualificación final correspondente da proba será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

Consistirá nunha proba escrita que combinará preguntas de exposición e de tipo test. As preguntas de tipo test puntuarán en negativo en caso de erro. A puntuación de cada pregunta indícase ao inicio da proba.

A proba versará sobre a maior parte dos contidos sinalados na programación.

Os instrumentos necesarios para a realización da proba serán papel e bolígrafo de cor negra ou azul. Non será corrixido ningún exercicio que se realice utilizando ferramentas diferentes ás indicadas.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.

4.2 Segunda parte da proba

Consistirá na resolución de distintas cuestións nun suposto práctico onde os sistemas informáticos serán virtualizados mediante a ferramenta de virtualización Oracle VM VirtualBox. Os aspirantes deben ser quen de configurar os sistemas, para logo dar resposta ás cuestións propostas.

Os sistemas operativos cos que se traballará serán Ubuntu e Windows, tanto nas versións desktop como servidor.

Nalgúns casos as respostas ás cuestións serán dadas mediante capturas de pantalla.

A proba versará sobre a maior parte dos contidos sinalados na programación.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.